

I^ª Convocatoria de Bolsas de Colaboración para o Gabinete Científico do Museo do Mar de Galicia

Dentro da programación do Museo do Mar de Galicia prevista para o ano 2010, figura a creación dun Gabinete Científico. Os Gabinetes científicos, ou de curiosidades, creáronse no Renacemento para albergar organismos, minerais, fósiles e mesmo artefactos para o estudo da Historia Natural, sendo os precursores dos Museos de Historia Natural. Neste senso, o Museo do Mar de Galicia quere favorecer a difusión das actividades científicas levadas a cabo nos diferentes Organismos de Investigación Mariña de Galicia (Universidades, Instituto Español de Oceanografía e Instituto de Investigacións Mariñas) a través da exhibición das mostras recollidas nas súas campañas de investigación e prospección científica mariña.

Para levar a cabo dito proxecto, o Museo do Mar de Galicia convoca, en colaboración co INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA, o INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS, e a FACULDADE DE CIENCIAS DO MAR DA UNIVERSIDADE DE VIGO, a Primeira Convocatoria de Bolsas de Colaboración para o Gabinete Científico do Museo do Mar de Galicia. O obxectivo desta convocatoria, dirixida a licenciados en Ciencias do Mar ou en Bioloxía, é ofrecer a oportunidade de colaborar na preparación de coleccións biolóxicas para a súa exhibición no Gabinete Científico que se creará no Museo do Mar de Galicia.

BASES

1^{eira}. - OBXECTO

Ao abeiro desta convocatoria, o Museo do Mar de Galicia concederá dúas (2) bolsas de colaboración destinadas a preparar as coleccións biolóxicas pertencentes ao Instituto Español de Oceanografía, Instituto de Investigacións Mariñas e do propio Museo do Mar de Galicia para serdes exhibidas no Gabinete Científico do Museo.

2^a. - CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Poderán participar licenciadas/os en Ciencias Biolóxicas ou Ciencias do Mar, nadas/os ou residentes en Galicia, menores de trinta anos e que non estean incapacitados fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto das bolsas.

A bolsa non establece ningunha relación laboral quer coas Institucións colaboradoras (Universidade, IEO, IIM) quer co Museo do Mar de Galicia, nin supón tampouco ningún compromiso para a incorporación posterior aos cadros de persoal das devanditas institucións.

3^{eira}. - DOTACIÓN

Cadansúa bolsa terá unha dotación de 2.250,00 €. Dita dotación non inclúe póliza de seguro de accidentes, que deberá ser subscrita polos gañadores da convocatoria.

O pagamento das bolsas ós beneficiarios realizarase a partir da incorporación do bolseiro, percibindo o 50% na comezo do traballo e o restante 50% á finalización da súa relación.

O uso das bolsas non será incompatible con calquera outra remuneración ou axuda por parte das administracións públicas ou entidades privadas a partir da súa concesión.

4ª.- SELECCIÓN DAS/OS ASPIRANTES

As/os aspirantes deberán presentar no Museo do Mar de Galicia, xunto co modelo de solicitude que se adxunta, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, ou calquera outro que o substitúa, xunto co enderezo actual, teléfono, e-mail.
- b) Documento acreditativo de estar en posesión da titulación esixida.
- c) Certificado do expediente académico curriculum vitae e documentación acreditativa deste.
- d) Curriculum vitae, indicando unicamente a experiencia no manexo e conservación de coleccións biolóxicas mariñas obtidas en campañas de investigación. A efectos de valoración, terase unicamente en conta dita experiencia.
- d) Declaración xurada comprometéndose a subscribir unha póliza de seguros que cubra calquera continxencia relacionada co desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto da bolsa.
- e) Certificado que acredite non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto da bolsa, ou declaración xurada do solicitante conforme este requisito se cumpre.

Prazo e presentación das solicitudes: As solicitudes, coa documentación requirida, deberán ser presentadas no Museo do Mar de Galicia, na Avenida Atlántida 160, 36208 Vigo, **antes das catorce horas do día 25 de febreiro de 2010.**

5ª.- PROCESO DE SELECCIÓN

As/os aspirantes serán elixidos conforme a criterios obxectivos en función do curriculum achegado. Serán excluídos aqueles aspirantes que non presenten en tempo e forma a documentación requirida.

Terán preferencia aqueles aspirantes que, en igualdade de condicións, non perciban outra remuneración ou axuda por parte das administracións públicas ou entidades privadas.

Comisión de selección: Estará constituída polo director do Museo do Mar, que actuará como presidente, e terá como mínimo tres vogais pertencentes ás tres institucións colaboradoras.

A comisión fará público o resultado do proceso selectivo o 26 de febreiro de 2010, publicando en resultado do mesmo na paxina web do Museo do Mar de Galicia (<http://www.museodomar.com/gl>) e avisando por teléfono aos gañadores.

6ª - DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

O traballo poderase desenvolver quer nas institucións propietarias das coleccións quer no Museo do Mar de Galicia. En calquera caso, dita circunstancia será comunicada con antelación.

Duración: A duración da bolsa será de dous meses e medio, contados a partir do 8 de marzo. Non obstante o anterior, notificarase aos gañadores o inicio efectivo do traballo

Haberá un titor para cada bolseira/o. As funcións do titor serán as seguintes:

- a) Informar ao bolseira/o ao respecto da colección a ordenar (i.e. procedencia -data e lugar da(s) campaña(s), número de exemplares, métodos de conservación e calquera outro aspecto relacionado coa mesma).
- b) Definir os criterios de conservación e ordenación para a súa exhibición.
- c) Fixa-lo horario e o cronograma para desenvolve-lo traballo obxecto da bolsa.
- d) Resolver as dúbidas no tocante á clasificación e identificación dos exemplares así como colaborar nas posibles publicacións que como resultado do traballo poidan xurdir.
- e) Informar ao Museo do Mar de Galicia do desenvolvemento do traballo do Bolseiro.
- f) De sé-lo caso, propoñer á dirección do Museo o cese no disfrute da bolsa por falta de dedicación ou por incumprimento das normas sinaladas nos anteriores puntos.

Á/ao bolseira/o obrígase a:

a) Realizar o seu labor no Centro de aplicación da bolsa, sendo necesario para calquera cambio do Centro, paralización do mesmo, ausencia temporal ou renuncia do interesado, solicitar autorización previa ao titor quen a súa vez informará ao Director do Museo do Mar de Galicia.

b) Realizar unha memoria mensual na que se reflicta o avance do traballo, facendo especial referencia aos obxectivos acadados. Dita memoria será entregada ao titor.


Pola súa banda o Museo do Mar de Galicia achegará o material necesario para facilitar a exhibición dos organismos.

7ª - CLÁUSULA FINAL

A concorrencia á presente convocatoria supón a total aceptación das Bases da mesma.

En Vigo, a 1 de febreiro de dous mil dez, apróbanse as presentes Bases en todos os termos expostos.

**O Director do
Museo do Mar de Galicia**



Pablo Carrera López

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE

Don/Dña _____, con enderezo en _____, Provincia de _____ C.P. _____, provisto do DNI número _____ expedido en _____, con data _____, teléfono número _____ email _____, sabedor das condicións e requisitos que se existen para concorrer á **I^{eira} Convocatoria de Bolsas de Colaboración para o Gabinete Científico do Museo do Mar de Galicia**

DECLARA:

1º.- Que coñece as bases da convocatoria, e que as acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cadansúa das condicións esixidas na mesma.

3º.- Que de saír elixido, obrígase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e calquera outra de carácter xeral.

(Lugar, data e sinatura do aspirante)